

# Actividades

## Lingua galega e literatura

# 8M + LGL

Proposta de actividades de comprensión lectora, análise gramatical e pescuda literaria a partir de textos de escritoras galegas.

Marta Dacosta Alonso


IES Terra de Turonio, Gondomar

## O 8 de marzo. Día Internacional da Muller

Cal é a orixe desta data conmemorativa? A escritora Anna R. Figueiredo explícao no seu libro *Feminismos. A historia cóntana as vencedoras*.

E todo o do 8-M entón, de onde sae? Pois de entrada imos saír un momentinho de Galicia e marchar a Chicago. En 1909, o 28 de febreiro, celébrase alí o Día Nacional da Muller por iniciativa das Mulleres Socialistas, en honor á folga das traballadoras do téxtil de Nova York do ano anterior, en que participaron unhas 15.000 mulleres pedindo melloras laborais e o dereito ao voto.

Ao ano seguinte, en Copenhague, na Conferencia Internacional das Mulleres Socialistas - data que coincide coa aprobación do decreto que permite en España que as mulleres acudan á universidade-declárase que o Día Internacional da Muller será o 8 de marzo -internacionalizado polo calendario da ONU en 1977- e festéxase por vez primeira en Alemaña, Austria, Dinamarca e Suíza. Desde ese ano, todos os 8 de marzo reivindicárase de xeito mundial o traballo das mulleres polas mulleres traballadoras, e isto que parece un trabalinguas, ten sentido se pensamos que o que saímos a pedir, a lembrar, a festexar, é o dereito ao voto e á igualdade de condicións laborais. E por que violeta? Por que ese día, especialmente, identificamos as nosas reivindicacións a través do violeta?, de feito, para falar de feminismo, non é certo que dicimos tamén que temos que ver o mundo a través dunhas lentes violetas?



Pois a explicación da cor simbólica para a causa feminista vén de que, no ano 1911, de novo nos Estados Unidos, o 25 de marzo incéndiase a fábrica de camisas Triangle, de Nova York, e nese incendio morren 123 traballadoras. Por que? Porque para que non puidesen abandonar o traballo, foran pechadas na fábrica. Este feito, de clara inxustiza laboral e que tamén atenta contra

os dereitos humanos, queda fortemente marcado no imaxinario e no sentimento dos movementos feministas. Contan xa as lendas que na fábrica había tecidos de cor violeta e que as lapas do incendio levantaban un fume desta cor. Probablemente non fose así, pero todo movemento, como xa temos discutido, precisa un pouquiño de épica mitolóxica para crear os seus propios mitos, que axudan na simboloxía, mais non deben servir para ocultar as verdades de pensamento e de facto, como a morte desas traballadoras por causa dun encerro que debeu ser ilegal.

E de aquí, de accións puntuais de cada ano que son diferentes en cada país e cada comunidade autónoma, pero coa mesma idea, chegamos ao ano 2018, o ano da ruptura, ano en que se verbaliza e se entende a realidade do lema "a revolución será feminista, ou non será".

O primeiro antecedente da folga feminista de 2018 atopámolo na Folga de Mulleres de Islandia de 1975 -lembrades que era o ano Internacional da Muller segundo a ONU, non?- que pretende chamar a atención sobre a falta de recoñecemento laboral das mulleres, polo que as mulleres islandesas non traballaron, nin na casa nin fóra.

Así, con media poboación inactiva, o país viuse obrigado a parar por completo e en menos dun ano aprobouse unha lei de igualdade salarial —a xeito de curiosidade, en 1980 en Islandia elixiuse a primeira xefa de Estado...

(páxinas 134-135)

### Reflexionamos e falamos:

- ◆ Le o texto. Cantos parágrafos ten?
- ◆ Indicade a idea que se trata en cada parágrafo.
- ◆ Realiza un resumo de seis liñas que sintetice as ideas recollidas.
- ◆ Cal é a intención do texto?
- ◆ Fai un eixe cronolóxico en que indiques as datas mencionadas no texto e que se celebra ou que sucedeu en cada unha delas.

### Analizamos a lingua:

- Completa o seguinte cadro buscando no texto os substantivos e adxectivos que están en plural. Cópiaos na columna dos exemplos no lugar que corresponda (polo menos dous de cada terminación):

| Acaba en...                |        | Forma o plural...        | Exemplos |
|----------------------------|--------|--------------------------|----------|
| vogal, -m ou -n            |        | engadindo -s             |          |
| -r, -s, -z (e monosílabos) |        | engadindo -es            |          |
| -al, -el-, ol, -ul         | tónico | substituíndo -l por -is  |          |
|                            | átono  | engadindo -es            |          |
| -il                        | tónico | substituíndo -il por -ís |          |
|                            | átono  | engadindo -es            |          |


- Agora completa o cadro con exemplos ideados por ti.
- Busca os adxectivos cualificativos do último parágrafo.
- Algún deles é un xentilicio?
- Neste mesmo parágrafo hai unha palabra bisílaba que ten acento diacrítico. Cal é? Que significa? De que outra palabra homógrafa a diferenciamos?
- Procura no texto tres exemplos diferentes de adxectivos demostrativos:
- Agora procura un exemplo de demostrativo contraído coa preposición EN e outro coa preposición DE, poden ser repetidos coa resposta anterior.
- Procura no texto catro exemplos diferentes de adxectivos indefinidos:

## Xogamos, descubrimos e pescudamos:

Cal é o nome da líder mulleres socialistas alemás que vai propor na II Internacional de Mulleres a celebración do Día Internacional da Muller traballadora?

O seu nome aparecerá no centro deste encrucillado que tes que resolver:

1. adxectivos numerais que expresan a cantidade exacta
2. adxectivos que expresan cantidade ou orde.
3. Adxectivos que sitúan o substantivo no espazo ou no tempo.
4. Clase de palabra que expresa accións, estados ou procesos que ocorren nun tempo determinado.
5. Clase de palabra que se refire a un substantivo para expresar as súas calidades ou para delimitalo.
6. Derradeira letra do alfabeto.
7. Adxectivos que indican unha relación de posesión, de dependencia ou de pertenza.
8. Adxectivo indefinido que indica o conxunto enteiro.
9. Abreviatura da distancia que comprende 1000 metros.
10. Adxectivos que indican un número ou unha cantidade indeterminada.
11. Antónimo do adxectivo da definición 8.



## **Unha rapaza nun barco: protagonistas femininas, feminidade das protagonistas**

**Marilar Aleixandre**

(un artigo de Marilar Aleixandre en que fala desta novela)


¿Por que é rapaza a protagonista d'*A expedición do Pacífico*? Antes de discutir esta cuestión, interésame chamar a atención sobre a asimetría que está na orixe da pregunta: ningún escritor é solicitado para reflexionar sobre a prominencia de mozos protagonistas nos seus libros. Porén, o interrogante do que parte este artigo non procede unicamente de quen investigan na Literatura Infantil e Xuvenil (LIX), ou da petición do Álbum de Mulleres dunha análise sobre a prominencia de rapazas protagonistas nas miñas obras. Algunha vez tiveren que responder a el en encontros con adolescentes.

...

Hai un aspecto especialmente transgresor no comportamento de Emilia, pois fai a viaxe disfrazada de rapaz, baixo o nome de Marcos. Cando escribín a novela non sabía que Emilia, ao cortar o cabelo e facerse pasar por varón, lonxe de levar a cabo un acto extraordinario, só ao alcance dos personaxes de ficción, estaba seguindo os pasos de ducias de mulleres que nos séculos XVIII ou XIX non tiveron outra alternativa para navegar. Porén, lembremos que disfrazarse de home foi considerado durante moitos anos un grave delicto, precisamente a acusación que levou á fogueira a Xoana de Arco. ¿Iso foi hai moitos séculos? Certo, mais aínda en novembro de 2003, en Irán, un tribunal islámico condenou a sete rapazas á pena de 50 lategazos por disfrazarse de homes.

... a única oportunidade que ten Emilia de viaxar ao Amazonas é agocharse nun camarote da Resolución mentres aínda ten doce anos e pode facerse pasar por rapaz. Pois cando acabe a viaxe e regrese a casa con dezaseis anos todos esperarán que se comporte como unha señorita, no canto de agabear ás árbores, e que empregue máis tempo en bordar que en mirar polo microscopio. Máis que querer ser un rapaz, Emilia quere facer o que poden facer os rapaces como seu irmán Andrés, estudar zooloxía, matricularse na universidade, cousas que estaban vedadas para as rapazas de finais do século XIX. Disque a universidade de Santiago de Compostela, na que eu traballo, existe desde hai máis de cincocentos anos. Porén as mulleres non foron admitidas nela até 1914, no que as xemelgas Elisa e Jimena Fernández de la Vega, nadas en 1895, comezaron medicina. Se Emilia fose un personaxe real tería daquela case sesenta anos. Non pode estrañar que Emilia teña un conflito de identidade ¿como ía desexar un destino que consistía unicamente en casar, ter fillos e coidar da casa?





***A expedición do Pacífico*, Marilar Aleixandre, 1994.**

“-Cando sexa máis vella tamén irei nunha expedición ás selvas americanas.

-Pero, Emilia, -argumentaba a miña nai coa súa tranquila voz- as mulleres non andan por aí nas selvas. Cando teñas a idade de Andrés estarás casada, e ata pode que teñas un ou dous fillos, como me ocorreu a min aos vinteún anos.

-Mamá -respondía eu con suavidade, pois non quería ferila dicindo que agardaba que non me sucedese o mesmo que a ela- eu quero estudar Zooloxía ¿Ou é que neste país as mulleres non van ir nunca á Universidade? ¿É que cando papá e os seus amigos falan da liberdade

non a queren para as mulleres?”

- Neste fragmento que acabades de ler a protagonista pregunta se as mulleres non van ir nunca á universidade, e é que as mulleres só comezaron ir con normalidade en datas moi recentes, no último cuarto do século XX, e esta novela está ambientada a mediados do XIX. Cales pensades que son os motivos que impedían ás mulleres cursar estudos universitarios? Parécevos xusto?
- Procurade información sobre a escritora: Marilar Aleixandre. Citade outros dos seus libros. Alguén leu outro libro seu? Pode contarllo á clase?
- Imos facer un texto libre en que a protagonista sexa unha moza que fai algo que a vós vos parece que normalmente non fan as mozas.



- Estamos falando dun tema que é a situación da muller e das mozas, reflexionando se teñen as mesmas oportunidades e se son tratadas iguais cós mozos, cós homes. Estas cousas que se contan na literatura suceden ao noso redor e entre vós mesmos, posibelmente sen vos dar conta. Pensade: como se distribúe o espazo no patio? Quen fai que? Xogar ao fútbol, pasear...



MARÍA REIMÓNDEZ

## Obxectos de diversión?

Artigo de opinión de **María Reimóndez** publicado en **Nòs Diario** o 12/02/2020

O venres da semana pasada, na mesma cidade onde pouco máis tarde un home asasinaba outra muller, a miña curmá e mais eu entrabamos no aparcadoiro de Santo Domingo, conversando sobre as nosas cousas. Era xa de noite, mais non tarde, e o subterráneo estaba deserto. Mentres a miña curmá buscaba a carteira, uns catro ou cinco homes que o meu sexto sentido detectara xa no exterior, entraron cantando entre risas "El violador eres tú" e na mesma actitude puxéronse xusto detrás nosa. A miña curmá, que aínda non atopara a carteira, deixoulles paso sen atender en primeiro momento a que estaban dicindo exactamente e, mentres pagaban, decatámonos con claridade dos berros que proseguiron logo aparcadoiro abaixo: "somos la manada de Lugo". Para daquelas eu xa tiña o móbil na man e a miña curmá e mais eu, sen inmutarnos nin movernos, simplemente seguimos falando en voz alta dicindo que violadores non se sabe pero gilipollas estaba claro que eran.

Hai uns meses, no metro do Porto, varios mozos que falaban francés íanse rindo dunha señora maior e facíanlle caras a unha moza sen que esta se decatase. Cando o vagón ía xa case baleiro, un deles comezou a facer que se botaba cara a min. Vireime cara a el e en francés díxenlle: "como me

toques saes do metro sen tocar o chan". A súa estupefacción foi indescribible.

Cando era adolescente, grupos de mozos dedicábanse a tocarme o cu cando ía soa pola Avda da Coruña para logo rirse cando eu daba a volta. Tres eventos de tantos que manifestan que, na nosa sociedade, a diversión dos homes se formula sempre como ameaza cara ás mulleres e mozas. Destes comportamentos do día a día, de levantar as saias nos recreos, de tocar sen permiso, de falar de nós coma cachos de carne, chegamos ás visitas a prostíbulos e ás violacións en grupo. Eles definen cos seus comportamentos grupais o que é "divertido", o que é "broma", construíndonos a nós coma obxectos aos que ridiculizar e asustar. Nas redes, amplifican cada día estas condutas. E mentres eles rin, outros homes miran, igualmente responsables. Pero logo, claro, o problema é que non temos sentido do humor. Non aceptamos "unha broma", "censuramos". Porque na masculinidade dominante, esa mesma que carga a man dos que apuñalan, o problema non son os comportamentos violentos dos homes, senón o dedo que sinala. E ata que iso non se atalle, seguiremos abrindo o xornal cos mesmos titulares.

### Reflexionamos e falamos:

- ◆ Lede o texto.
- ◆ Cantos parágrafos ten?
- ◆ Indicade a idea que se trata en cada parágrafo.
- ◆ Realiza un resumo de seis liñas que sintetice as ideas recollidas antes.
- ◆ Cal é a intención do texto?
- ◆ Cal é a conclusión?
- ◆ Considerades que o que se relata neste texto é real? Sucede ao redor de vós?
- ◆ Pensades como di a autora que hai que atallar estes comportamentos? Por que? Como?

### Analizamos a lingua:

- Completa o seguinte cadro buscando no texto os substantivos e adxectivos que están en plural. Cópiaos na columna dos exemplos no lugar que corresponda (polo menos dous de cada terminación):

## Actividades 8M+LGL: Escritoras galegas, coñecémolas, lémosas. (1º ciclo da ESO)

| Un nome acaba en...        | Forma o plural... | Exemplos                 |
|----------------------------|-------------------|--------------------------|
| vogal, -m ou -n            | engadindo -s      |                          |
| -r, -s, -z (e monosílabos) | engadindo -es     |                          |
| -al, -el-, ol, -ul         | tónico            | substituindo -l por -is  |
|                            | átono             | engadindo -es            |
| -il                        | tónico            | substituindo -il por -ís |
|                            | átono             | engadindo -es            |

- Agora completa o cadro con exemplos ideados por ti.
- Busca os adxectivos cualificativos do segundo parágrafo.
- Procura no texto tres exemplos diferentes de posesivos e demostrativos:
- Busca os pronomes persoais que hai entre as liñas 12 e 28 e colócaos no seguinte cadro:

|                       | Átonos (hai 8) | Tónicos (hai 5) |
|-----------------------|----------------|-----------------|
| 1ª persoa do singular |                |                 |
| 1ª persoa do plural   |                |                 |
| 3ª persoa do singular |                |                 |
| 3ª persoa do plural   |                |                 |

### Xogamos, descubrimos e pescudamos:

A autora que asina este artigo é María Reimóndez. Imos descubrir o título de dúas das súas obras, xogando a descubrir as letras que faltan:

|  |  |  |  |   |   |  |  |  |  |  |   |  |  |  |   |  |  |  |  |
|--|--|--|--|---|---|--|--|--|--|--|---|--|--|--|---|--|--|--|--|
|  |  |  |  |   | B |  |  |  |  |  |   |  |  |  | T |  |  |  |  |
|  |  |  |  | R |   |  |  |  |  |  | S |  |  |  |   |  |  |  |  |

Coa axuda da Galipedia completa:

**María Reimóndez**, escribiu a novela (a primeira das dúas ocultas)..... no ano ....., foi finalista do premio ....., en ..... e premio....., en .....

Esta novela foi traducida ao....., ..... e ..... Tamén foi adaptada ao..... e ao .....

Na novela ..... mulleres xúntanse nun ..... para .....

Neste ano 2020 acaba de publicar ( a segunda das obras ocultas) .....

Dous anos antes, en ....., publicou a novela *Fóra do normal*, unha novela xuvenil en que o protagonista “asumirá que para a superación dos conflitos a auténtica fortuna reside en rodearse de persoas que non teñan medo a ser quen son”.

María Reimóndez tamén escribe obras que pertencen a outros xéneros: ....., en que recibiu o premio Joham Carballeira pola obra ..... e ....., en que acadou o premio Xoana Torres polo libro.....

## 8 de marzo. A poetas galegas ocupan o seu espazo na literatura.

### A poesía galega no remate do século XX

Na poesía galega do século XX, a década dos 90 caracterízase pola importancia das achegas realizadas polas escritoras. Traen un discurso propio que anova os temas e o seu tratamento. Este cambio está directamente relacionado cun contexto histórico en que se comezan ver os froitos da loita feminista.

Nese novo tempo poético abondouse na redefinición dos mitos, como o de Penélope, que abandona o labor que o destino lle asigna e decide por si mesma. Así no poema de **Xohana Torres** en *Tempo de ría*, un poema que é, case, unha convocatoria:

### PENÉLOPE

DECLARA o oráculo:

“QUE á banda do solpor é mar de mortos,  
incerta, última luz, non terás medo.

QUE ramos de loureiro erguen rapazas  
QUE cor malva se decide o acio.

QUE acades disas patrias a vindima.  
QUE amaine o vento, beberás o viño.

QUE sereas sen voz a vela embaten.  
QUE un sumario de xerfa polos cons.”

Así falou Penélope:

“Existe a maxia e pode ser de todos.  
¿A que tanto novelo e tanta historia?

EU TAMÉN NAVEGAR.”

(*Tempo de ría*, A Coruña, Espiral Maior, 1992, páx. 19)



**Xohana Torres**  
(Ferrol 1929-Vigo 2017)

Poesía:

Do sulco (1957).

Estacións ao mar (1980).

Tempo de Ría (1992).

Elexías a Lola (2016).

Teatro:

Á outra banda do Ibero (1965).

Un hotel de primeira sobre o río (1968).

Novela:

Adiós, María, (1971).

Literatura infantil

Polo mar van as sardiñas (1967).

Pericles e a balea (1984)



Actividades:

- Declamade o poema.
- Este poema baséase nun mito. Cal é? Como o reconstrúe a autora?

No ensaio *Por qué os homes non nos len? (A difícil homologación da literatura escrita por mulleres)* **Luísa Villalta** reflexiona sobre a necesidade de camiñar cara a unha sociedade igualitaria e analiza os distintos elementos que poden estar a entorpecer esta evolución. Neste texto a autora di: “Os homes non teñen outro meio de defender a súa propia liberdade se non é defendendo conxuntamente a das mulleres e isto só se consegue coa transformación dos espazos, do espazo privado, para que non sexa privativamente feminino, e do espazo público, para que se convirta no espazo da palabra, do diálogo e do intercambio. Os homes non teñen nada que consentir nen conceder ás mulleres: só ver, escoitar, respeitar e, por que non, aprender do que

## Actividades 8M+LGL: Escritoras galegas, coñecémolas, lémolas. (2º ciclo da ESO)

dicemos e escribemos”. Sobre esta necesidade de transformar os espazos, e sobre os interrogantes que se ten formulado a muller ao logo dos tempos ao comprobar a situación de invisibilidade social á que estaba sometida fálanos este poema de Luísa Villalta.

Os teus pasos de home e os meus  
sempre se cruzan , ao non saber onde van.

Oblicuamente esvae os ollos até a miña imaxe  
ao ponto en que pergunto que é o que ves  
através do meu espello pesado como a soedade.

Unha muller, contestas, e non miras  
como me estraña ficar no ceo da tua voz vacia.

Ando cos pés con que me andas e eu te sigo  
sen saber que levas no fardo do corazón.

Aprendin de ti o que me atinxe,  
enganando-te me enganas e eu consinto  
por comprender que levas no fardo do corazón,  
onde van os teus dous pés que me prolongan  
cando aceito andar contigo por min mesma.

Pergunto outra vez, a cada un que pasa,  
se de verdade son unha muller, o que é iso,  
se me enganaron sempre ou teño algun camiño.

Todos os que me van cruzando non me acertan.  
Sen embargo o que son, unha muller, ao cabo é todo  
o que sei de min no espello en que me levas.

Para que aprenda a nova ti me apertas  
cos brazos indecíbeis de ternura  
do meu alimento á tua transcendência.

O meu camiño fíxo-se-me extranxeiro, estou perdida  
nen meu, porque é teu, nen xa imaxe,  
porque non sei que levas no fardo do corazón.

Pero se non me ves, es ti quen erra.

(*Ruído*, A Coruña, Espiral Maior, 1995, páx. 45)



Luísa Villalta (A Coruña 1957-2004)

### Poesía

Música reservada, 1991.

Ruído, 1995.

En concreto, 2004.

### Teatro

Concerto para un home só, 1989.

As certezaas de Ofelia, 1999..

### Narrativa

Silêncio, ensaiamos, 1991.

As chaves do tempo, 2001.

### Ensaio

O outro lado da música, a poesía, 1999.

A Música e Nós, 2003.

Libro das columnas.

### Actividades:



- Reflexiona, por escrito, sobre as ideas que a autora recolle nos textos que citamos (tanto no texto en prosa como no texto en verso).
- No poema, L. Villalta fala do concepto de invisibilidade. Como o fai, sinala os versos en que se refire a ela.



MARÍA REIMÓNDEZ

## Obxectos de diversión?

Artigo de opinión de **María Reimóndez** publicado en **Nòs Diario** o 12/02/2020

O venres da semana pasada, na mesma cidade onde pouco máis tarde un home asasinaba outra muller, a miña curmá e mais eu entrabamos no aparcadoiro de Santo Domingo, conversando sobre as nosas cousas. Era xa de noite, mais non tarde, e o subterráneo estaba deserto. Mentres a miña curmá buscaba a carteira, uns catro ou cinco homes que o meu sexto sentido detectara xa no exterior, entraron cantando entre risas "El violador eres tú" e na mesma actitude puxéronse xusto detrás nosa. A miña curmá, que aínda non atopara a carteira, deixoulles paso sen atender en primeiro momento a que estaban dicindo exactamente e, mentres pagaban, decatámonos con claridade dos berros que proseguiron logo aparcadoiro abaixo: "somos la manada de Lugo". Para daquelas eu xa tiña o móbil na man e a miña curmá e mais eu, sen inmutarnos nin movernos, simplemente seguimos falando en voz alta dicindo que violadores non se sabe pero gilipollas estaba claro que eran.

Hai uns meses, no metro do Porto, varios mozos que falaban francés íanse rindo dunha señora maior e facíanlle caras a unha moza sen que esta se decatase. Cando o vagón ía xa case baleiro, un deles comezou a facer que se botaba cara a min. Vireime cara a el e en francés díxenlle: "como me toques saes do metro sen

tocar o chan". A súa estupefacción foi indescribible.

Cando era adolescente, grupos de mozos dedicábanse a tocarme o cu cando ía soa pola Avda da Coruña para logo rirse cando eu daba a volta. Tres eventos de tantos que manifestan que, na nosa sociedade, a diversión dos homes se formula sempre como ameaza cara ás mulleres e mozas. Destes comportamentos do día a día, de levantar as saias nos recreos, de tocar sen permiso, de falar de nós coma cachos de carne, chegamos ás visitas a prostíbulos e ás violacións en grupo. Eles definen cos seus comportamentos grupais o que é "divertido", o que é "broma", construíndonos a nós coma obxectos aos que ridiculizar e asustar. Nas redes, amplifican cada día estas condutas. E mentres eles rin, outros homes miran, igualmente responsables. Pero logo, claro, o problema é que non temos sentido do humor. Non aceptamos "unha broma", "censuramos". Porque na masculinidade dominante, esa mesma que carga a man dos que apuñalan, o problema non son os comportamentos violentos dos homes, senón o dedo que sinala. E ata que iso non se atalle, seguiremos abrindo o xornal cos mesmos titulares.

### Reflexionamos e falamos:

- ◆ Lede o texto.
- ◆ Indicade que idea se trata en cada parágrafo.
- ◆ Cal é a intención do texto?
- ◆ Cal é a conclusión?
- ◆ Considerades que o que se relata neste texto é real? Sucede ao redor de vós?
- ◆ Pensades como di a autora que hai que atallar estes comportamentos? Por que? Como?

### Analizamos a lingua:

- Busca os pronomes persoais átonos que hai entre as liñas 12 e 28 e explica por que se colocan nesa posición (consulta as páxinas 6 e 7 do apéndice do volume 2 do libro):

### Actividades 8M+LGL: Escritoras galegas, coñecémolas, lémosas. (2º ciclo da ESO)

- Busca os pronomes persoais tónicos do texto e indica a súa función sintáctica:  
Exemplo:  
Eu, liña 3, pronome tónico de primeira persoa en función de suxeito do verbo entrabamos.
- Busca no texto as formas verbais que corresponden coas seguintes definicións (consulta as páxinas 8-17 do apéndice do volume 2 do libro):
  - 1) 3º persoa do singular, do copretérito de indicativo, 1º conxugación:
  - 1) 1º persoa do plural, do copretérito de indicativo, 1º conxugación:
  - 1) Forma nominal, xerundio, 1º conxugación:
  - 1) 3º persoa do singular, do antepretérito de indicativo, 1º conxugación:
  - 1) 3º persoa do plural, do pretérito de indicativo, 1º conxugación:
  - 1) 3º persoa do singular, do pretérito de indicativo, 1º conxugación:
  - 1) Forma nominal, infinitivo, 2º conxugación:
  - 1) 1º persoa do plural, do presente de indicativo, 1º conxugación:
  - 1) 3º persoa do plural, do copretérito de indicativo, 3º conxugación:
  - 1) 3º persoa do singular, do pretérito de subxuntivo, 1º conxugación:
  - 1) 2º persoa do singular, do presente de indicativo, 3º conxugación:

#### Pescudamos na literatura:

- Accede á páxina web da Historia da Literatura Galega, da AS-PG: <http://literaturagalega.as-pg.gal/>
- Busca a **María Reimóndez** na sección de autoras e responde ás seguintes preguntas:
  1. En que ano e en que cidade naceu María Reimóndez?
  2. Cal é a súa profesión?
  3. Recibiu algún premio relacionado co seu labor profesional? Cal? Por que obra?
  4. En que ano publicou o seu primeiro libro? Como se titula? A que xénero pertence?
  5. No ano 2005 foi finalista de dous premios, como se titulaban as novelas que resultaron finalistas?
  6. Unha das súas novelas foi adaptada ao teatro e ao cine, como se titula?
  7. Que outra faceta destacarías na vida de María Reimóndez?
- Por parellas, lede a selección de poemas de autoría feminina que figuran nas antoloxías que estarán na clase e elixide un para ler aos vossos compañeiros e compañeiras. Que vos di o poema? Por que o seleccionastes?